

- XXXIII -

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

- DO 1 AO 9 DE XULLO DE 2016 -



Diego Seixo 2016



www.mostrateatrocangas.org

ÍNDICE

03. A MOSTRA

04. TAQUILLA

05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO

14. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA

18. XVI XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

21. ACTIVIDADES PARALELAS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto

Coordinación: Salvador del Río

Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro

Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó

Xestión Económica: María Xosé Mariño "Che"

Departamento Comercial: Catarina Prada e Sonia Rúa

Prensa: Clara Castilla

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña

Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez

Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Anxo Graña

Héctor Pazos

Diego R. Camaño

Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria

AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excma. Deputación de Pontevedra

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño cartel, programa e páxina web: Diego Seixo

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2016





A MOSTRA

Despois de trinta e tres anos, a Arte da Comedia acude puntualmente á súa cita con Cangas para encher as súas rúas e os nosos días cun máxico e insubstituíble elixir: O HUMOR.

O HUMOR, luz necesaria para superar os tempos precarios.

HUMOR para dignificar cada día e enfrontar con xiria a realidade.

HUMOR para avanzar.

HUMOR, ferramenta revolucionaria que esta vila adoptou, hai moitos anos, no corpo da MITCF.

HUMOR, COMEDIA E FESTA, ingredientes para cociñar o mellor teatro do mundo e ofrecelo a todos os públicos.

Benvidas e benvidos á XXXIII MITCF de Cangas. A festa da comedia está a piques de comezar.

TAQUILLA

1. VENDA DE ABONOS

Do 6 ao 24 de xuño de 2016.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo do abono: 40€*

A adquisición do abono ten as seguintes vantaxes:

1. Desconto de 8€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garante a entrada sen colas en taquilla para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, o beneficiario do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

*O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo sen gastos de comisión de xestión.

2. VENDA ANTICIPADA PARA CADA UN DOS ESPECTÁCULOS

A partir do 27 de xuño ata o mesmo día da representación de cada espectáculo.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo: 8€*

*O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo sen gastos de comisión de xestión.

3. VENDA DE ENTRADAS O MESMO DÍA DA FUNCIÓN

Despacho de Billetes do Auditorio, dúas horas antes do comezo da función.

Prezo: 8€

4. ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS NO AUDITORIO INCLUIDOS NO ABONO E PARA OS QUE SE PODEN ADQUIRIR ENTRADAS INDIVIDUALMENTE

Venres, 1 de xullo: LAS CERVANTAS

Sábado, 2 de xullo: EL REY

Domingo, 3 de xullo: PRINCESAS DEL PACÍFICO

Xoves, 7 de xullo: TÊTE DE PIOCHE

Venres, 8 de xullo: INTERRUPTED

Sábado, 9 de xullo: EROSKI PARAÍSO

5. ESPECTÁCULO NON INCLUIDO NO ABONO E CON LIMITACIÓN DE AFORO

Mércores, 6 de xullo: EL CUELLO DE LA JIRafa

Entradas á venda a partir do 27 de xuño.



AUDITORIO MUNICIPAL

Venres, 1 de Xullo 22:30h.

PREGÓN INAUGURAL

Marián Bañobre, Galicia

Venres, 1 de Xullo, 22:30h.

LAS CERVANTAS

ES&DD Arte, Madrid

Sábado, 2 de Xullo, 22:30h.

EL REY

Teatro del Barrio, Madrid

Domingo, 3 de Xullo, 22:30h.

PRINCESAS DEL PACÍFICO

La Estampida, Andalucía

Mércores, 6 de Xullo, 22:30h.

EL CUELLO DE LA JIRafa

Matarile, Galicia

Xoves, 7 de Xullo, 22:30h.

TÊTE DE PIOCHE

Heyaka Theatre, Francia

Venres, 8 de Xullo, 22:30h.

INTERRUPTED

Teatro en Vilo, Inglaterra / España

Sábado, 9 de Xullo, 22:30h.

EROSKI PARAÍSO

Chévere, Galicia

PREGÓN INAUGURAL

MARIÁN BAÑOBRE. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 01 XULLO 22:30H.

Marián Bañobre (Ferrol, 1978) é actriz, creadora, deseñadora de vestiario e docente.

Funda IBUPROFENO TEATRO xunto con Santiago Cortegoso no ano 2010.

A filla de Woody Allen, Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios, Fitness, Vulto, O Furancho e a recente Raclette son os traballos da compañía que o público do Morrazo xa puido saborear.

A vinculación da actriz con Cangas e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo vén de anos atrás, tanto polos seus traballos en compañías da comarca como Teatro de Ningures ou Teatro do Morcego como polos obradoiros de clown impartidos no Auditorio Municipal e na MITCF.





LAS CERVANTAS

**ES&DD ARTE, MADRID. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 1 XULLO 22:30H.
ESTREA ABSOLUTA**

ES&DD ARTE é o resultado da unión entre as produtoras DD&Company e EscénaTe co fin de levar a cabo proxectos culturais singulares, baixo as premisas da calidade, a honestidade e a colaboración. Las Cervantas é o seu primeiro proxecto escénico e supón unha mirada á nosa historia desde unha visión e creación contemporánea.

Esta é unha historia real. Na noite do 27 de xuño de 1605, en Valladolid, onde vive Cervantes con cinco mulleres cuxo alcume é Las Cervantas (a súa muller, dúas das súas irmás, a súa sobriña e a súa filla), un cabaleiro é ferido de morte e pide auxilio a berros. O ferido morre na casa dunha veciña. Mentres as Cervantas esperan ser interrogadas, preparan as súas declaracións e as posibles contradicións nas que podan incurrir. Coñeceremos así ás mulleres que viviron con Cervantes e influiron na súa literatura, nunha sociedade na que unha muller libre, que sabía ler, resultaba sospeitosa.

Andrea de Cervantes: Gracia Olayo.
Magdalena de Cervantes: Sole Olayo.
Isabel de Saavedra (filla de Miguel): Clara Berzosa.
Constanza de Ovando (filla de Andrea): Irene Ruíz.
Catalina Salazar (esposa de Miguel): Yaël Belicha.

Dirección: Fernando Soto.
Autores: Inma Chacón e José Ramón Fernández.
Música Orixinal: José Luis López.
Axudante Dirección: Mely Herrero.
Escenografía: Mónica Boromello.
Vestuario: Marta Martín-Sanz.
Iluminación: TheBlueStageFamily.
Deseño gráfico e imaxe: Olga Jañez.
Producción: Dania Dévora (dd&Company Producciones) e Santiago Pérez (EscénaTe).



EL REY

TEATRO DEL BARRIO, MADRID. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 2 DE XULLO 22:30H.

A vontade coa que abrimos Teatro del Barrio é abertamente política: participar no movemento cidadá que xa está a construír outro xeito de convivir. Este teatro nace da fame de realidade. A realidade ten sempre algo marabilloso: por terrible que sexa, pódese transformar. Cando se coñece. E esta é a vocación do proxecto: saber que está a pasar aquí, porqué non nos gusta e porqué o queremos cambiar. Este teatro pretende ser unha asemblea permanente onde mirar xuntos o mundo para, xuntos, imaxinar outro onde a boa vida sexa posible.

Que papel xogou a monarquía en España nos últimos corenta anos? A que fins serviu? Cales son os obxectivos da monarquía española para as próximas décadas?

El Rey é unha ficción cunha personaxe central que se chama Juan Carlos I. Un home que, no epílogo da súa vida, cae da cima ao soto, polo menos, simbólicamente.

Un home que, ao parecer, xa non serve. Aínda que serviu moito.

Pero ¿Para que? ¿Para quen?

Autoría e Dirección: Alberto San Juan.

Intérpretes: Luís Bermejo, Guillermo Toledo e Javier Gutiérrez.

Iluminación: Andrés Lima e Raúl Baena.

Espazo/Elementos diversos: Teatro del Barrio coa colaboración de Beatriz San Juan.

Son: Teatro del Barrio coa colaboración de Enrique Mingo.

Asesora histórica: Noelia Adanez, da Universidad do Barrio.

Producción: Teatro del Barrio.



PRINCESAS DEL PACÍFICO

**LA ESTAMPIDA, ANDALUCÍA. AUDITORIO MUNICIPAL, DOMINGO 3 DE XULLO 22:30H.
ESTREA EN GALICIA**

LA ESTAMPIDA é o resultado de unificar as enerxías e traxectorias dun conxunto de creadores cunha linguaxe e ideas comúns. Baixo a esencia do Laboratorio de creación, os seus integrantes poñen ao servizo de cada un dos seus espectáculos as súas inquietudes e traxectorias, unificándose baixo unha linguaxe común: A técnica do “xogo” do mestre Philippe Gaulier. José Troncoso é o encargado de dirixir esta Compañía, xerando un espazo de investigación desde o que lanzar as propostas do colectivo: Unha “fábrica de expresión”.

Tía e sobriña levan tanto tempo xuntas que acabaron por converterse nun mostro de dúas cabezas. Feas, grotescas, diferentes ... Afastadas da sociedade, viven pechadas nun búnker de crochet para protexerse das nosas olladas. Pero elas tamén, desde alí, ollan para nós e rin das nosas desgrazas para sentirse acompañadas. A fortuna en forma de premio, un fantástico cruceiro co que nunca terían soñado, ponas dunha patada no mundo exterior, cerca de nos, para que poidamos vernos reflectidos nelas. Zarpamos.

Espectáculo creado por José Troncoso, Alicia Rodríguez e Sara Romero.

Agustina: Alicia Rodríguez.

Lidia: Belén Ponce de León.

Director: José Troncoso.

Productor Executivo: Kike Gómez.

Iluminación: Juanan Morales.

Fotografía: Ignacio Ysasi.

Deseño Gráfico: Agus Burgos.

Vídeo (Realización) Nicolás Pacheco e Susana Martín.

2 Candidaturas aos PREMIOS MAX 2016 a Mellor Espectáculo Revelación e Mellor Autoría Revelación.

3 Candidaturas aos I PREMIOS GODOFF a Mellor Espectáculo e Mellor Interpretación Feminina: Alicia Rodríguez e Belén Ponce.



EL CUELLO DE LA JIRAFÁ

MATARILE, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, MÉRCORES 6 DE XULLO 22:30H. AFORO LIMITADO

Non teño fillos. Non teño pais. Ás veces son unha árbore. Podo ser un animal.

Unha figura en movemento, sombra. Prescindo das flores.

Parecen flores no cabelo, pero non o son.

Un día de xullo soleado, unha muller fumando, o barullo das tabernas. A sensación de que vai pasar unha banda.

Non podo parar, non podo determe.

Ás veces penso que a cada minuto todo muda en pasado e, sen embargo, outras veces sinto que o pasado sempre volve e nunca se remata.

Queres unha fresa?

Dirección e creación: Ana Vallés.

Intérpretes: Óscar Codesido, Mónica García, Enrique Gavilán, Baltasar Patiño, María Roja, Ana Vallés.

Iluminación e espazo escénico: Baltasar Patiño.

Textos: Ana Vallés e Enrique Gavilán.

Outros Textos: Óscar Codesido, Mónica García, María Roja.

Coreografía: Mónica García.

Axudante de dirección: Baltasar Patiño.

Auxiliar de dirección: Diana Mera.

Produción: Manu Lago e Laura Sánchez.

Citas: Cesare Pavese, Pier Paolo Pasolini.

Voz en Italiano: Arturo Rodríguez.

Fotografía e vídeo: Rubén Vilanova, Inma Vilanova e Grismedio Studio.

Diseño gráfico: Jacobo Bugarín.

Imaxe cartel: María Roja.



TÊTE DE PIOCHE

**HEYAKA THEATRE, FRANCIA. AUDITORIO MUNICIPAL, XOVES 7 DE XULLO 22:30H.
ESTREA EN GALICIA**

Dende a súa creación, Heyoka Théâtre basease sobre todo no universo clown e no humor burlesco. Nos seus espectáculos, os intérpretes son mudos como o de Chaplin ou Keaton e as súas historias contan a vida de cada día.

En “Tête de Pioche” un empresario da construción e o seu aprendiz van construír un HLM (vivenda de aluguer moderado).

A obra acelerase e comezan unha serie de catástrofes: caídas, ladrillos, explosións...

Son tenros, divertidos, crueis...

Intérpretes: Thierry Abline e Martin Boucherie.

Autoría: Heyoka Théâtre.

Dirección: Thierry Abline.



INTERRUPTED

TEATRO EN VILO, INGLATERRA-ESPAÑA. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES 8 DE XULLO 22:30H. ESTREA EN GALICIA

Compañía internacional fundada en Londres e afincada en Madrid. Funciona como colectivo itinerante realizando colaboracións internacionais entre creadores de escena, artistas e investigadores de todo o mundo. Combinan a improvisación e a coreografía co grotesco, o autobiográfico, o humor absurdo e comedia xestual. Foi compañía residente no Lavoir Moderne Parisien e conta co apoio do Arts Council e o British Council. Obtivo o premio Talent Madrid-Teatros del Canal ao Mellor Espectáculo e o premio á Mellor Compañía Emerxente no Mimetic Festival de Londres.

INTERRUPTED é unha divertida comedia sobre cómo unha vida perfecta pode converterse nun inferno do xeito máis inesperado: Anabel é unha muller de éxito que vive subida á onda frenética do seu tempo e vai pagar por elo. A rutina da protagonista é unha maquinaria teatral de alta precisión cuxo funcionamento vai ser bruscamente interrompido por un trágico destino... En 65 minutos imos ser testemuñas de cómo, en só 6 días, Anabel perde progresivamente o control da súa vida ata nadar nun absoluto e absurdo caos. ¿Tes todo baixo control? ¡Entón é que non vas o bastante rápido!

Intérpretes: Ariana Cárdenas, Andrea Jiménez, Esther Ramos, Noemi Rodríguez

Creación orixinal: Fiona Clift, Andrea Jiménez, Noemi Rodríguez, Blanca Solé

Co-creadoras: Ariana Cárdenas, Philipa Hambley, Roisin O'mahony, Esther Ramos.

Voz en OFF: Mónica Faro

Iluminación: David Roldán e Germán Gundín

Fotografía: César Lucas

Deseño Gráfico: Ione Oleaga e George Couyas

Video: Bonafide

Producción: Teatro Envilo

Distribución: Proversus

Dirección Artística: Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez



EROSKI PARAÍSO

CHÉVERE TEATRO, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 9 DE XULLO 22:30H.

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 29 anos de traballo ás costas, que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. As obras de Chévere levan ao palco os debates do presente, documentándoos escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste modus operandi son obras recentes como Testosterona (2009), a triloxía de Citien (2010-2011), Eurozone (2013), Ultranoite no País dos Ananos (2014) ou As Fillas Bravas (2015). No ano 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro.

Eroski Paraíso é o resultado dunha procura de varios meses. Fíxose un traballo de documentación previo sobre a sala de festas Paraíso que funcionou en Muros entre 1972 e 1990. Alí coñecéronse Eva Martínez e Antonio Formoso en 1989, como tantas outras parellas. Ela tiña 19 anos, el 25. Casaron ao quedar ela embarazada e a súa filla Alexandra, naceu ao pechar o Paraíso. Logo emigraron e andaron dun lado a outro. Vintecinco anos despois, Eva traballa en Muros no supermercado que hai onde estaba o Paraíso. Antonio segue en Canarias e Álex fai o seu primeiro documental sobre seus pais.

En escena: Patricia De Lorenzo, Miguel De Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez, Luis Martínez.

Dramaturxia e dirección: Xron.

Escrita: Manuel Cortés.

Técnica: Fidel Vázquez.

Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo.

Axudante de dirección: Arantza Villar.

Comunicación: Xana García.

Escenografía e vestiario: Chévere / Construción: Quique Martínez.

Fotografía: Matteo Bertolino.

Vídeo: Númax Lab.

Música: Terbutalina.

Gráfica: Fausto Isorna.

Produción: Patricia De Lorenzo, Inés Portela.

TEATRO NA RÚA

Xoves, 30 Xuño, 12:00h. Bueu / Venres, 1 Xullo, 12:00h. Cangas / Sábado, 2 Xullo, 12:00h. Moaña

O TIRAMILLAS

Lois Soaxe, Galicia

Sábado, 2 de Xullo, 20:30h. Xardíns do Sinal

MÁIS ALTO AÍNDA

Desastronauts, Galicia

Domingo, 3 de Xullo, 20:30h. Praza do Costal

O MEU AVÓ É MAGO

Mundo Mandarina, Galicia

Martes, 5 de Xullo, 20:00 e 21:30h. Praza das Pontes

LULLABY

Cão à chuva, Portugal

Martes, 5 de Xullo, 22:30h. Praza do Costal

A LINGUA NA BOCA

Limiar Teatro, Galicia

Mércores, 6 de Xullo, 22:30h. Praza das Pontes

LE KIOSKE À MÉZIGUE

Circ'Hulon, Francia

Xoves, 7 de Xullo, 20.30h. Xardíns do Sinal

LE VOYAGE DE NOCES

Les Bleus de Travail, Francia

Venres, 8 de Xullo, 20.30h. Xardíns do Sinal

DON GELATI

Dani García, Galicia

Sábado, 9 de Xullo, 20:00 e 21:30h. Praza das Pontes

GIVE IT A SPIN

Pisando ovos, Galicia

O TIRAMILLAS LOIS SOAXE, GALICIA

**BUEU, XOVES 30 XUÑO 12:00H. / CANGAS, VENRES 1 XULL, 12:00H.
MOAÑA, SÁBADO 2 XULLO 12:00H.**

Teatreiro Cangués que subiu aos escenarios por primeira vez con Teatro de Ningures, despois marchou a Asturias coa intención de formarse no oficio de actor, alí traballa con varias compañías asturianas e aprende técnicas cirquenses e teatro de rúa. Volve a Galicia e amplía o seu currículo con traballos de cine e televisión. Agora mesmo segue vivo, neste oficio, que non é pouco...

O TIRAMILLAS ten un problema, mellor dito, dous: non pode calar e non pode parar. Todo o que escoita ten que contalo, os ruxe-ruxe, os novos amoríos, os acontecementos do pobo...

Ademais ten unha misión: que ninguén quede sen información; para isto válese dun gran megáfono que amplía todo o seu coñecemento.

Creación e interpretación: Lois Soaxe.



MÁIS ALTO AÍNDA DESASTRONAUTS, GALICIA

XARDÍNS DO SINAL, SÁBADO 2 XULLO 20:30H. ESTREA ABSOLUTA

Raquel Véganzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres, e chámanse Desastronauts desde o 2011 e a creación de "Losing Grip". Co seu espectáculo "Too High" estiveron de tour co circo británico Happy's Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres. Hai uns anos que se trasladaron a España onde debutaron co espectáculo de rúa "Calleret" en Santiago de Compostela. A partir de aquí crean "Un día de Praia".

Unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... Estúpido. El ha facer o que sexa para estar con ela, e ela fará todo o posible por escapar. Ela é dona de si mesma, el é infantil. Veremos como a súa loita frenética vaíse intensificando a medida que atopan un trapecio de balanceo, cordas aéreas e un hula-hoop de lume.

Creación e interpretación: Raquel Véganzones e Girisho Gordon.



O MEU AVÓ É MAGO MUNDO MANDARINA, GALICIA

PRAZA DO COSTAL, DOMINGO 3 XULLO 20:30H. ESTREA ABSOLUTA

Laura Muñoz, ou Mundo Mandarina, acadou premios coma o Premio do Público da Mostra de Pallasos de Xirivella, Mellor espectáculo de Sala e Premio do Xurado no Festival Farándula de Gran Canaria, Premio do Público do FAST de Torredembarra e Premio do Público en Festiclowen en 2009 con "Un Ramón de Mandarinas" e 2015 con "Laboratorio Máxico".

A pallasa Mandarina recibe clases do seu avó, o grande ilusionista e prestidixitador Casimiro Chipirón. Na sala de ensaios está todo preparado, só falta que chegue el. Mentres agarda, a curiosa Mandarina aproveita para atusmar nos obxectos máxicos do avó e facerlles maxia aos pequenos voluntarios do público. Ademais de aprender a facer maxia, Mandarina terá que aprender que o avó non vai vir máis. Neste espectáculo, a través da maxia e a comicidade, abórdase o tema de afrontar a morte dos seres queridos, non de xeito traumático, senón como unha transformación.

Creación e interpretación: Laura Muñoz.



LULLABY CÃO À CHUVA, PORTUGAL

PRAZA DAS PONTES, MARTES 5 XULLO 20:00 E 21:30H
ESTREA EN GALICIA

Rui Paixão formouse en teatro na Academia Contemporánea do Espectáculo de Porto. Aos vinte anos foi considerado artista revelación nas artes de rúa no IMAGINARIUS de Santa María da Feira, Portugal, e gañou o premio OFF CIRCADA en Sevilla como artista emerxente do circo contemporáneo. Participou nun dos maiores festivais do mundo, Fringe Festival de Edimburgo e, máis recentemente foi elixido polo Cirque du Soleil para novas creacións.

Lullaby é un espectáculo dinámico, que conta coa participación directa do público. Unha performance cómica e provocadora que abre o xogo entre un pallaso transgresor e o espectador. Nesta aventura, partimos todos na procura do riso, da complicidade e da emoción, embarcando nun ambiente poético, alimentado pola música en vivo, rumbo a un mundo de xogo.

Creación e interpretación: Rui Paixão
Música e deseño do son: Carlos Reis



A LINGUA NA BOCA LIMIAR TEATRO, GALICIA

PRAZA DO COSTAL, MARTES 5 XULLO 22:30H.

Limiar é o límite, a fronteira e por iso a compañía movémonos nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais. Pesquisamos no limiar das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas.

A Lingua na boca, letras riscos e pensamentos de CASTELAO é un espectáculo cómico, poético e musical sobre a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: o home, o debuxante, o médico, o político e o escritor.

Dramaturxia, dirección e espazo escénico: Fran Núñez
Axudantía de dirección: Nuria Gullón e Jose Carlos Illanes
Axudantía dramaturxica: Manuel Polo
Espazo sonoro, composición musical e arranxos: Brais Iriarte
Axudantía espazo sonoro: Coco Castro
Axudantía composición musical: Hugo Rodríguez Castro
Intérpretes: Brais Iriarte e Fran Núñez



LE KIOSKE À MÉZIGUE CIRC'HULON, FRANCIA

PRAZA DAS PONTES, MÉRCORES 6 XULLO 22:30H.
ESTREA EN GALICIA

O Circ' Hulon é unha compañía familiar que comezou a súa andaina en 1981. Hai 35 anos que a compañía francesa percorre as estradas do mundo actuando en grandes e pequenas cidades buscando un encontro co público. Un circo de saltimbanquis no que a simplicidade respírase pola beleza da súa escenografía e a estética das proezas do seu circo musical.

Dentro dun kiosco hai un trío de clowns, acróbatas, músicos que se amosan ao público sen agochar as súas torpezas, as súas fráxiles certezas e os seus pequenos defectos. Mr. Mézigue intenta exercer de mestre de cerimonia para dirixir a Mademoiselle Signorina e ao talentoso axitador Mr Plopflof.

Autor: Circ'Hulon
Director Artístico: Jacques Hulon
Escenografía: Circ'Hulon
Interpretes: Jacques Hulon, Antoine Hulon, Lucia Pennini
Vestuario: Elisabeth Sonnendrucker



LE VOYAGE DE NOCES **LES BLEUS DE TRAVAIL, FRANCIA**

XARDÍNS DO SINAL, XOVES 7 XULLO 20:30H. ESTREA EN GALICIA

En 1998 e despois de pasar polo circo Archaos e o Plume, Sylvan Granjon, Alexandre Demay e Daniel Péan forman a compañía Les Bleus de travail.

Comedia animada para unha parella atípica, un can torpe e un FIAT 500 caprichoso: Marcelo e Romana marchan de viaxe de voda pero, casualmente, sofren unha avaría no seu vehículo de paso por Cangas. Todos os seus plans van ser modificados nunha hora de loucura con dous personaxes entrañables que non deixarán ao público indiferente.

Creación e interpretación: Alexandre Demay e Sylvan Granjon

Maquinaria no FIAT 500: Amo Liegon

Banda sonora: Jean Florent Chatillon

Prótesis: Bruno Bompas

Fotografía: Maud Bernos

Coprodución e residencia de creación: Les Bleus de Travail, Festival les Z'accros d'ma rue (Nevers), la ville de Saulieu et la région Bourgogne.



DON GELATI **DANI GARCÍA, GALICIA**

XARDÍNS DO SINAL, VENRES 8 XULLO 20:30H.

A compañía de Dani García nace no ano 2004. Dani García fórmase nas mais variadas ramas da interpretación e da escena para conseguir que as súas producións sexan obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai da do ilusionismo algo cotián. Nos últimos tempos o seu traballo camiña cara ao corporal como no citado espectáculo Da' Kara ou este Don Gelati.

Un brillante día de sol chega á praza da vila un vendedor de xeados co seu carriño e ganas de sacar un sorriso a quen alí viven. Don Gelati sufrirá todo tipo de imprevistos e infortunios co seu carriño, que terá que arranxar con enxeño e algo de maxia antes de que os seus xeados se derretan. Esta é unha comedia máxica onde a expresión corporal substitúe as palabras e a comunicación co público.

Creación e interpretación: Dani García.



GIVE IT A SPIN **PISANDO OVOS, GALICIA**

PRAZA DAS PONTES, SÁBADO 9 XULLO 20:00 E 21:30H.

Compañía de danza contemporánea desde o 2004, residente do Teatro Ensalle de Vigo e dirixida por Rut Balbís. A base do seu proxecto artístico é a búsqueda dunha linguaxe artística propia desde o traballo co corpo e o movemento a través da creación escénica contemporánea.

GIVE IT A SPIN é unha proposta para espazos non convencionais e rúa na que música e movemento, desde os seus estados máis puros, atópanse a través do diálogo entre un DJ e unha bailarina. Para a ocasión contamos coa colaboración especial do DJ cangués Jas Processor.

Creación: Rut Balbís

Interpretación: Jas Processor e Rut Balbís

Música: Jas Processor

Produción, distribución, foto, vídeo e gráfico: Manu Lago

Colaboran: NORMAL / INAEM - Ministerio de Educación, Cultura e Deporte - Gobierno de España / AGADIC - Xunta de Galicia



XVI XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN O SEGUNDO SEXO NA CULTURA

SÁBADO 9 DE XULLO DE 16:30 A 20:00H. SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL

Chegamos a esta XVI edición cunha marabillosa equipaxe ategada de temas en acción: Brecha laboral nas artes escénicas e o audiovisual; Realidade laboral das realizadoras e cineastas; Creación artística en situacións de conflito; Redes paritarias nas artes escénicas; Linguaxe inclusiva nos medios de comunicación; O corpo das mulleres como campo de batalla; Violencia de xénero; Coeducación emocional, afectiva e social a través da arte dramática; Lei do aborto; Autonomía, empoderamento e liderazgo das mulleres; Economía e pobreza feminina; Directoras de escena; Novos modelos de masculinidade; Feminismo en Galicia; obradoiros de igualdade, coeducación, produción e interpretación; concertos e teatro, moito teatro. Queremos lembrar algunhas das centos de mulleres que compartiron aquí arte, experiencias e pensamento ao longo destes anos. Mestras como M^a Xosé Queizán, Marcela Lagarde ou Aurora Marco. Proxectos pioneiros como o 1^o Observatorio Estatal contra a Violencia de Xénero da man da súa Presidenta, a xuíza Montserrat Comas, O Observatorio da Mariña pola Igualdade co seu Trivial Feminista; Projecte Vaca; Las Marías Guerreras; CIMA; Tertulia Feminista Les Comadres; Mujeres por la Igualdad de Barredos; El Tren de la Libertad; A librería Lila de Lilith; Equipo de Mulleres do Secretariado Estatal de Amnistía Internacional; Magdalena Project e Maribolheras Precarias.

Autoras, actrices, directoras, académicas e coreógrafas como Sol Picó, Marisa Soto, Vicki Peña, Mabel Lozano, Gemma Beltrán, Mercedes Castro, Rosella Viti, Mabel Manzotti, Lola Ferreiro, Cilha Lourenzo, Carlota Ojea, Maite Merino, Isabelle Stoffel, Tareixa Ledo, Mónica García, Tony Bentely, Blanca Cendán, Vanesa G^a Teijido, Sol Quirón, Iolanda Tortajada, Cristina Rodríguez, Itziar Pascual, Jill Greenhalgh, Rosa Álvarez, Mela Casal, Roxana Pineda, Olga Cameselle, Mónica Camaño, María Barcala, Ana Vallés, Celia León, Suzanne Lebeau, Berta Ojea, Sonia Méndez, Ánxeles Cuña, Chelo Loureiro, Beth Escudé, Dorotea Bárcena, Luma Gómez, Patricia de Lorenzo, Casilda Alfaro, Marie Lourtis, Fabiana Correa, Elina Luaces, Pepa Barreiro, Sonia Rúa, Ánxela Blanco, Susana Dans, Rocío Solís, Antonia San Juan, María Lado, Lucía Aldao, Belén Pichél, Rosa Díaz, Nola Rae, Laura Ponte, Tamara Canosa, Arantza Iurre, Aintza Uriarte, Marián Bañobre, Isabel Risco, Mónica Bar, Rosa Castro, Gloria Ferreiro, Mar Gómez, Vanesa Sotelo, Paula Carballeira, María Marticorena, Arantxa Villar, Shelma Sorhegui, Ángeles Álvarez, Mabel Rivera, Camila Bossa, Petra Martínez, Ánxela G. Abalo, Trinidad Iglesias, Iolanda Muños, Karola Eskarola, Marta Pazos, Ángeles Sánchez-Braojos, María Torres, Rocío Gonzalez, María Salgueiro, Cristina Domínguez, Mónica de Nut, Laila Ripoll, Luisa Veira, Ruth Balbís, Carmen Castro, Laura Muñoz, Paula Tenorio, Laura Míguez, Rebeca Montero, Amparo Ibarra, La Escapista, La Rous, Las Pulgas Teatro, Chirigóticas, Funboa Escénica, Dos Lunas Teatro, Incorrectas, Las Veneno... e tantas outras Mulleres en Acción que non podemos incluír aquí pero que foron alicerce imprescindible para construír a nosa historia. Grazas a todas elas e, tamén, ás amigas do público que ano tras ano asisten, debaten e reflexionan activamente nestas Xornadas.

17:00H. CONSTRUÍNDO A IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS E NO AUDIOVISUAL

17:30H. O XÉNERO TAMÉN SE ACTÚA: ¿QUÉ TEÑEN EN COMÚN AS ARTISTAS MUSICAIS E AS AUTOPRESENTACIÓNS NAS REDES SOCIAIS?

17:50H. POLÍTICAS DE IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS, ¿POR ÓNDE EMPEZAMOS?

18:10H. NORA: IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS E NA CULTURA

18:30H. CHICAS NUEVAS 24 HORAS: PROCESO DE DOCUMENTACIÓN E CREACIÓN

19:00H. DEBATE

20:00H. CLAUSURA

22:30H. ENTREGA PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

MULLERES EN ACCIÓN: O SEGUNDO SEXO NA CULTURA

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 9 DE XULLO DE 16:30 A 20:00H.

17:00H. INAUGURACIÓN

D^a Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

CONSTRUÍNDO A IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS E NO AUDIOVISUAL


Participan:

D^a Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

D^a Tamara Canosa, actriz e Vicepresidenta da Academia Galega do Audiovisual.

D^a Laura Míguez, actriz. Vogal Xunta Directiva Asociación Actores e Actrices de Galicia.

D^a Belén Pichel, produtora. Presidenta de Escena Galega.



17:30H. O XÉNERO TAMÉN SE ACTÚA: ¿QUÉ TEÑEN EN COMÚN AS ARTISTAS MÚSICAIS E AS AUTOPRESENTACIÓNS NAS REDES SOCIAIS?

D^a IOLANDA TORTAJADA

Profesora titular do Departamento de Estudos de Comunicación da Universitat Rovira i Virgili (Tarragona). Membro de Asterisc, grupo de investigación en comunicación. Chairwoman da sección de Xénero e Comunicación de ECREA (European Communication Research and Education Association). Vicepresidenta da Mesa pola Diversidade no Audiovisual do Consello do Audiovisual de Cataluña. Realizou estudos de xénero sobre a transformación na representación da feminidade, a mediatización das relacións sexuais e afectivas, o papel que desempeñan os medios na consolidación da violencia de xénero e como os adolescentes se apropian dos discursos mediáticos e dos medios autoxerados para construír identidades sexuais e de xénero. Cordinou proxectos competitivos financiados por administracións de ámbito estatal e autonómico. Publicou na Revista Comunicar, en Communication and Society, Feminist Media Studies e Catalan Journal of Communication and Cultural Studies.



17:50H. POLÍTICAS DE IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS. POR ÓNDE EMPEZAMOS?

D^a CRISTINA RODRIGUEZ ORGAZ

Licenciada en Filoloxía Hispánica e en Comunicación Audiovisual. Actriz. Máster en Axentes de Igualdade no Ámbito Rural pola Universitat de Lleida. Xestora de Xénero no Centre Dolors Piera de Igualdade de Oportunitades e Promoción das Mulleres da Universitat de Lleida onde, tamén, imparte docencia.

Asesora en xénero a entidades e institucións. Elabora estudos sobre a situación das mulleres en diferentes ámbitos e diseña políticas de igualdade na Universidade.

No ámbito artístico é fundadora da promotora teatral El Celler d'Espectacles, onde traballa como actriz e produtora.



18:10H. NORA: IGUALDADE NAS ARTES ESCÉNICAS E NA CULTURA

D^a BERTA OJEA, actriz. Presidenta de NORA. Secretaria Igualdade Unión de Actores.

NORA é unha organización que nace para lograr que a igualdade de xénero nas artes escénicas e na cultura ocupe o lugar de centralidade que merece, pola importancia que ten nas nosas sociedades o teatro, a música, a danza, a cultura y polo dereito das mulleres ao traballo. A súa representatividade e á toma de decisións das mulleres nas artes escénicas e na cultura.



CH1C45 NU3V45 24H0R45

Un documental de
Mabel Lozano

18:30H. CHICAS NUEVAS 24 HORAS: PROCESO DE DOCUMENTACIÓN E CREACIÓN

D^a MABEL LOZANO, directora, guionista, produtora e documentalista.

Proxección do Making-off da longametraxe documental CHICAS NUEVAS 24 HORAS.

19:00H. DEBATE

Presenta e modera: **María Armesto**, Directora Artística MITCF.

20:00H. CLAUSURA

D. Tomás Hermelo Álvarez, Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas.

Colabora: **D^a Paula Tenorio**, Directora de CIM de Cangas.



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2015

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL

A D^a Mabel Lozano polo seu labor artístico e documental ao servizo da denuncia da trata das mulleres vítimas da explotación sexual.

En 2007, Mabel Lozano, escribe e dirixe a súa primeira longametraxe documental, **VOCES CONTRA LA TRATA DE MUJERES**, denunciando a compra-venda de mulleres e nenas, con fins de explotación sexual.

En 2008 escribe e protagoniza o spot da RECTP (Rede Española Contra a Trata de Persoas).

En 2009 escribe, dirixe e coproduce a súa segunda longametraxe documental **LA TEORÍA DEL ESPIRALISMO**, protagonizada por cinco deportistas paralímpicas con distintas discapacidades sobrevidas, documental accesible para persoas con discapacidades sensoriais. Tamén escribe, produce e dirixe o spot **AL COMPÁS** por encargo do Ministerio de Igualdade para celebrar o Día da Muller Traballadora, protagonizada por artistas do Circo do Sol.

En 2010 escribe, produce e dirixe a longametraxe documental **LAS SABIAS DE LA TRIBU**, homenaxe ás nosas nais e avoas, unha xeración de mulleres que careceron de oportunidades pero que foron o trampolín para que as mulleres sexamos quen queremos ser. No mesmo ano escribe, produce e dirixe a curtametraxe **ESCÚCHAME**, sobre a trata de mulleres e nenas para a explotación sexual dende o punto de vista do cliente. Proxectado en máis de 70 mostras de cine de DDHH e, tamén, da man de Médicos del Mundo, en 45 universidades españolas.

En 2011 escribe, produce e dirixe, coa colaboración da AECC, a curta documental **Y TODAVÍA HAY TIEMPO PARA VERBENAS**, sobre o cancro de mama. A modo de “caderno de bitácora” e, a través de testemuñas de mulleres que o sufriron ou sofren, coñecemos a dureza desta enfermidade que afecta a unha de cada oito mulleres no noso país.

En 2012, escribe e dirixe **MADRE**, un documental auto-filmado sobre a maternidade do S. XXI e accesible para persoas con discapacidades sensoriais.

En 2013 escribe e dirixe **NACIENTE**, unha curta sobre violencia de xénero en rapazas novas e tamén a **CAMPAÑA CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL**, por encargo da Policía Nacional Española e a curta **ENTRE COLEGAS** contra a explotación sexual, por encargo da Fundación Lydia Cacho.

En 2014 escribe e dirixe o spot **ISABELLA** para a ONG APRAMP por encargo do Ministerio de Sanidade e Igualdade sobre trata de mulleres e nenas para explotación sexual e o spot **LAS MUJERES QUE TRIUNFAN** para Tena Lady.

En 2016 escribe, produce e dirixe **CHICAS NUEVAS 24H** sobre o negocio da compra-venda de mulleres e nenas. Este ano tamén escribe e dirixe por encargo da Asociación UNAF, as curtametraxes **MARIAMA**, contra a mutilación xenital feminina e **LOVETH**, por encargo da Asociación APRAMP, pertencente á campaña **NADIE SE OFRECE PARA SER ESCLAVO** contra a trata de mulleres e nenas. Próximamente sairán á luz, **TRIBUS DE LA INQUISICIÓN**, documental rodado en Bolivia sobre os linchamentos na zona de Chapare e **HISTORIAS DE VIDAS ROBADAS**: historias de nenas de América Latina, vítimas de violencia sexual, sentenciadas a manter círculos de pobreza, perder unha infancia que xamais vai volver e a asumir un rol para o que non estaban preparadas: ser nais sendo nenas.

ACTIVIDADES PARALELAS

Venres, 1 de Xullo, 17:00h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

TALLER DE PEDAGOXÍA TEATRAL

Evento exclusivo para as asociadas de ADICAM

Venres, 1 de Xullo 22:00h. Vestíbulo do Auditorio Municipal

30 ANOS EN NINGURES

Inauguración exposición de Diego Seixo

Sábado, 2 de Xullo, 10:00h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

ENCONTRO COA ESCENA GALEGA

Asamblea xeral de Escena Galega

Sábado, 2 de Xullo, 16:30h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

TEATRO E SOCIEDADE: UN COMPROMISO COA CIDADANÍA

Encontro e coloquio

Luns, 4 de Xullo, de 11:00 a 22:00h. Auditorio Municipal e Prazas de Cangas

REVOLTALLO EN PEDRA

Escolas e Asociacións de Cangas

Luns, 4 de Xullo, 22:30hs. Auditorio Municipal

REVOLTALLO EN SALA: CONSTANTES VITAIS

Actuación EMAEC, Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas

Do 5 ao 8 de xullo, de 10:30 a 15:00h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

INTERPRETAR CON "LA CUALIDAD"

Obradoiro de interpretación con Andrés Lima

Venres, 8 de Xullo, 18:00h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

TEATRAGAL: 20 ANOS DESPOIS

Encontro

Venres, 8 de Xullo, 20:00h. Sala de exposicións do Auditorio Municipal

REVISTA GALEGA DE TEATRO

Presentación

Sábado, 9 de Xullo, 22:30h.

ENTREGA PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A Chévere Teatro

TALLER DE PEDAGOXÍA TEATRAL E TRINTA ENTRADAS SOLIDARIAS

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES 1 DE XULLO DE 17:00 A 20:30H.

Evento exclusivo para as asociadas de ADICAM, co obxectivo de mellorar tanto a conciencia e a aceptación corporal como a capacidade motriz, cognitiva e emotiva. Imparte o taller Marcos Sánchez Armesto, graduado en Pedagogía Teatral, experto en integración social. Patrocina Frigoríficos del Morrazo.

Ademais as socias de ADICAM disporán de 30 localidades gratúitas para cada un dos espectáculos (excepto o programado o día 6) que se celebrarán no Auditorio Municipal durante a XXXIII MITCF.

30 ANOS EN NINGURES: EXPOSICIÓN DE DIEGO SEIXO

VESTÍBULO DO AUDITORIO MUNICIPAL, DO 1 AO 9 DE XULLO

ENCONTRO COA ESCENA GALEGA

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 2 DE XULLO 10:00H.

De 10:00 a 13:00h. Asamblea xeral

De 13:00 a 14:00h. Encontro cos programadores

TEATRO E SOCIEDADE: UN COMPROMISO COA CIDADANÍA

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 2 DE XULLO DE 16:30 A 20:00H.

Porque o Teatro non pode ser relegado a un adorno cultural, a un pasatempo. O Teatro, en calquera dos seus xéneros, comedia, drama, traxedia... debe asumir un compromiso coa sociedade na que está inserido, na que nace e para a que nace; debe reflexionar con ela e para ela, e só así pode adquirir sentido e utilidade máis aló do mero entretemento.

16:30h. Inauguración: Xosé manuel Pazos, fundador da MITCFC e actual alcalde de Cangas.

16:45-18:20h. Presentación de proxectos.

18:30-20:00h. Coloquio co público asistente.

Participan: Teatro del Barrio, Chévere Teatro, Teatro de Ningures, Sarabela Teatro, Matarile Teatro, Andrés Valverde Director da compañía "La Fontaine Aux Images".

Moderadora: Mónica Camaño.

REVOLTALLO EN PEDRA

AUDITORIO MUNICIPAL E PRAZAS DE CANGAS, LUNS 4 DE XULLO DE 11:00 A 22:00H.

De 11:00 a 14:00h. e de 18:00 a 22:30 h. AUDITORIO MUNICIPAL

ÉXODO instalación de XOAN C. RIOBÓ

19:00h. PALCO NAVES DE OJEA

Escola de baile Chachachá: @S NEN@S BAILAN NA RÚA

Escola de danza Inés Núñez: AQUELES MARABILLOSOS DEBUXOS DOS 80

Boombox escuela urbana: BOOMBOX FAMILY

21:00h. ADRO DA IGREXA

Escola de Danza Maite Quiñones: DANZA NA RÚA

Marga Outeiral: GRUPO DE DANZA ORIENTAL

REVOLTALLO EN SALA: CONSTANTES VITAIS

EMAEC, AUDITORIO MUNICIPAL, LUNS 4 DE XULLO 22:30H.

Eva e Adán, Romeo e Xulieta, elas e eles, sístole e diástole... e non hai máis

A partir dos textos de María Armesto, Paula Carballeira, Santiago Cortegoso e Xosé Prieto.

Intérpretes: Anabel Budiño, Rosa E: Gantes, María Ferro, Iago Costas, Mar Taboada, Iria de Pazos Bugarín, Ángeles Menduiña, Bárbara Barcia, Dai Peña, Sócrates Perez, Dani Comesaña, Sonia Couto.

Músico: Xosé Ramón Rocha / Deseño Iluminación: Salvador del Río / Escenografía e vestuario:


EMAEC e Teatro de Ningures / Técnico de luz e son: Hector Pazos / Cartel: Iago Costas.

Dirección: Casilda Alfaro.



TALLER DE INTERPRETACIÓN ACTORAL: INTERPRETAR CON "LA CUALIDAD"

ANDRÉS LIMA. SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO 5 AO 8 DE XULLO DE 10:30 A 15:00H.



Este ano contaremos unha vez máis coa presenza do director, actor e pedagogo teatral de Teatro de la Ciudad, Andrés Lima: o traballo desenvolverase partindo do que Andrés Lima chama LA CUALIDAD, conxunción do "esencial" que propón o texto e o "persoal" que expresará o actor. Actor, autor e director de escena, Andrés Lima dirixe desde hai moitos anos nos mellores teatros europeos. No ano 2005, recibe o Premio Nacional de teatro coa súa compañía Animalario e entre os anos 2005 e 2009 recibe consecutivamente catro premios MAX como mellor director.

TEATRAGAL: 20 ANOS DESPOIS

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES 8 DE XULLO 18:00H.

Encontro con persoas que promoveron e participaron nesta iniciativa teatral de intercambio entre Galicia e o norte de Portugal. Iniciativa e diálogo que debера proseguir.

PRESENTACIÓN DA REVISTA GALEGA DE TEATRO

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES 8 DE XULLO 20:00H.

A Revista Galega de Teatro presenta o seu número 86, correspondente á primavera 2016, dedicado á figura de Manuel María. O acto conta coa colaboración da compañía UT.Tópico que será a encargada de poñer voz ás personaxes da última peza editada na publicación morracense: "baile de sombras" do dramaturgo galego Fran Godón.



PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A CHÉVERE TEATRO. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO 9 DE XULLO 22:30H.

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 29 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural.

Dende 1987 Chévere actuou en centos de vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Conservou un núcleo artístico estable (Miguel de Lira, Xron, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés) ao tempo que incorporaba a numerosos profesionais de distintas procedencias xeográficas, xeracionais e creativas. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais (na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates...). Usando o humor como filosofía e a risa como expresión, as súas obras levan ao palco os debates do presente, documentándoos escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste modus operandi foron recentemente obras como Testosterona (2009), a triloxía Citizen (2010-2011), Eurozone (2013), Ultranoite no País dos Ananos (2014), As Fillas Bravas (2015) ou Eroski Paraíso (2016).

Chévere creou a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa en 1992, un espazo cultural independente único pola súa singularidade, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011, precipitado pola persecución do goberno local do PP. Alí mantivo o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural da cidade e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores que representan a creación máis arriscada deste período en Galicia e España.

Nos últimos anos Chévere diversificou o seu teatro de operacións, como resposta á complexidade actual dos procesos creativos e á crise de financiamento da cultura. Participou en proxectos audiovisuais como Pepe O Inglés (serie emitida en TVG), Crebinsky, o filme (longametraxe en cine) ou A Viaxe dos Chévere (documental). Executou innovadores proxectos de creación en internet como Amores Prohibidos 2.0, xunto a un grupo de adolescentes. E converteu o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retailista, sensibilización sobre temas de igualdade e violencia machista).

Desde 2012, Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado que ten como obxectivos fixar o funcionamento dunha compañía de teatro a un espazo estable implicándose nunha contorna local para rendibilizar o uso dos espazos públicos, mellorar a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o know how dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

En 2015 a compañía puxo en marcha a Berberecheira, unha iniciativa de custodia do territorio teatral, un espazo para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva, un laboratorio de creación sustentado en redes estables de cooperación, un lugar de encontro e diálogo entre creadores, públicos e outros axentes sociais e culturais.



www.mostrateatrocangas.org



Organiza



Patrocina



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**